

Autoridades das institucións culturais e sociais.

Queridos amigos e amigas.

Cando o admirado e querido escritor Xabier Puente DoCampo, que hoxe nos convoca, nos leva da mao polos seus libros, en primeiro lugar e de xeito fulcral estanos a levar nunha viaxe iniciática polo noso idioma como sustentador dunha cultura antiga que el coñece e recrea e fai nova, acabada de nacer.

Camiñamos polos seus libros e ficamos demorándonos en cada nome de paxaro ou flor, somos coma o neno que retorna á casa e non acaba de retornar, pois vai xogando con todo o que aparece diante súa nun seu viaxar solprendido polo seu mundo coñecido.

Aprendemos nos seus libros a nomear os soños, a natureza e os seres que a habitan, como forma de os facer nacer. Máis tamén é transmisor de valores humanos fundadores de noso dende a noite da historia, que conformaron o ser dos galegos.

Todo o que desta terra nos ama e nos convoca foi sementado por Xabier, doa a doa, en cada libro, en cada acto creador. El convérteo nun florecer de abrairas, nun arrecendo de fiúncho e xasmín.

Xabier vai deitando no longo camiño da súa extensa e intensa obra alfaias de rebordante humanidade, que son coma pequeniños e brancos cantos rodados para non nos perder: seres referenciais que conforman a biografía colectiva dos bos e xenerosos desta terra: un home xusto, unha muller ou un home sabios, o toliño, o limpo de corazón, o portador da inocencia.

Homes e mulleres a facer os máis diversos labores e oficios, seres que acrisolaron o tempo, que souberon ler nos ceos os ciclos da natureza, que nas maos da terra leron as liñas da vida.

Os mil rostros que foron escribindo no contraluz da memoria o murmurio dos recordos, deles atendemos os seus acenos que chegan do lonxincuo.

Dános rapazas e rapaces do común dunha sociedade que na súa normalidade lles aprende o latexar da vida, o saber polo ouvido aos sons, ás emocións do mundo. Xabier soña e concreta na súa obra un futuro de normalidade na nosa terra.

Este é o elemento fulcral da súa obra: Xabier é un sementador de normalidade cultural e social. Todo o que el fixo no seu fértil labor de ensinante e de escritor, foi chantar as pedras basilares, as trabes da casa comunal dos galegos co talento e o oficio dos humildes, e unha insubornábel honestidade literaria na que vai construíndo chanzo a chanzo a casa da sabedoría que todo rapaz e rapaza debe habitar. A eles e elas, entrégalles personaxes que son referentes dentro dunha sociedade onde todo está atravesado pola dignidade. Digo aos rapaces, mais non só, pois sempre nos deu obras que transcenden toda idade.

Partindo das cálidas e amadas voces da oralidade familiar coas que o contorno da infancia abrazou a Xabier, as maos que lle entregaron o herdo do amor, da tenrura, os seus ecos de palabra íntima, fixo aniñar nel o misterio da antiga sabedoría popular, do misterio do noso idioma que, coma a badalada número trece da media noite na igrexa de Eiranova, nos leva ao interior do Nós, dos nosos propios enigmas humanos.

Tramítenos con sabia mao a vida que é amasada coa fariña triga e centeadas lembranzas que dan raíz a un presente onde a cultura galega sexa a Praza, a Ágora onde aprender os oficios gozosos da vida, coas súas luces e as súas sombras.

Cando percorremos os lugares que marcaron a infancia de Xabier, partindo dos territorios do íntimo familiar ao territorio do público, onde era tecida con sabia mao o pano da nosa cultura. Cultura que nos é mostrada como un acto de convivio, de partillar, de comunicar a sabedoría, que é como os pobos coma o noso construíron unha oralidade que é alicerce dunha das grandes literaturas universais: a galega.

Arredor da cociña, do muíño, do sobrado, do taller de bicicletas, do camiño da escola, do campo da feira, a zapatería, o lavadoiro do río, o caneiro, construímos a nosa socialización cultural.

Lendo a Xabier, volvemos ás nosas infancias, onde sempre hai un regato ou unha fonte, unha rúa, o taller onde arranxan unha mancada bicicleta. Lugares onde o saber é transmitido de xeración en xeración, pois a sabedoría é filla da experiencia.

Precísase moita vida vivida para producir un pouco de experiencia, dinos o poeta Irlandés Kavanagh. Sabedoría que no noso idioma mantivo ao longo de séculos a nosa cultura.

Creadores e recreadores, homes e mulleres que transmitían a herdanza recibida: O muiñeiro que contaba historias na cociña ou a nai ou a aboa que mentres debullaba un cesto de fabas facía que a historia da humanidade, a que acontece cada día nesta terra, seguira a consumir o seu destino.

Transformar a experiencia en conciencia, niso estriba ser home, dinos Andre Malraux, iso é o que lle debemos agradecer a Xabier: que transformara as experiencias vividas na infancia ou soñadas no recordo, en literatura portadora do xerme da conciencia a que fará a esta terra dona do seu futuro.

Querido Xabier: Viñemos hoxe das terras do mar onde a tarde se fai pano grisallo na baía se é por marzo; vimos das terras do Ribeiro do Avia, hoxe, cando os bacelos insinúan o froito, cando a mañá de hoxe anda camiñar a carballeira de Castro de Ribeiras de Lea con fermosas nubes en tránsito nos ceos da Terra Chá. Vimos de toda a Nación para te honrar neste día a chover luz polvoriña na chaira coma no primeiro día da creación.

Vimos para te celebrar e crear só anacos de eternidade na pedra, para que perdure o noso tempo na viaxe da historia na que vela o noso camiñar o poeta Manuel María, que trae nas maos un anaco da memoria deste presente, e nós, contigo, deixámoslle palabras de amor para Mara (filla de Antía Otero, a nosa Vicepresidenta, que ten tres días de idade), para que algún día as lea e sinta a emoción conmovida do idioma que ti lle entregas.

Vimos hoxe, benquerido amigo e compañeiro na palabra e nos traballos da patria dolorida, nosa, vimos as escritoras e os escritores galegos para che entregarmos esta letra E maiúscula, de escritor, aquí na túa fermosa terra, para a facermos hoxe todos nós máis nosa, diante da xente que te quere e da que quizais fundou os teus soños.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Castro de Ribeiras de Lea, a 21 de xuño de 2014*